

CELEBRACIÓN



Tít. orixinal: *Festen*

Ano: 1998

Duración: 105 min.

País: Dinamarca

Dirección: Thomas Vinterberg

Guión: Thomas Vinterberg, Mogens Rukov

Música: Non ten

Fotografía: Anthony Dod Mantle

Reparto: Henning Moritzen, Ulrico Thomsen, Thomas Bo Larsen, Birthe Neumann, Trine Dyrholm, Párika Oteen, Helle Dølleris

Productora: DR TV Drama / SVT Drama / Nordisk Film

Xénero: drama

Non recomendada para menores de 18 anos

Sinopse: Os Klingefeldt, unha familia da alata sociedade danesa, dispónse a celebrar o sesenta cumpreanos do patriarca, un home de trayectoria e reputación intachable. Pero tres irmáns moi diferentes están dispostos a contalo todo, e sacar á luz os trapos suxos da familia. Trátase da primeira e multipremiada película do revolucionario movemento Dogma.

Crítica

por Guillermo Rabaschino (tomado de <http://www.cineismo.com/>)



A *celebración* xira entorno do sexagésimo aniversario de Helge, festexado xunto a unha vintena de familiares nunha opulenta mansión campestre. A que se deu cita para cear é unha traxicómica galería humana. Está o ancián arteriosclerótico, condenado a repetir o mesmos chistes cada tantos minutos. Os tíos e os primos racistas. A esposa acartonada. E os fillos de Helge: Michael é tope, bruto, un manollo de nervos. Helene é algo así como a moza rebelde do clan. Non é tan nova, nin rebelde acaso, pero sae cun negro e supo simpatizar cos trotskistas... ou socialdemócratas (que máis da: nunha familia como esta é natural que a súa señora nai non perciba a diferenza). Linda non está, xa que suicidou fai pouco. Pero é como si estivera xa que o seu irmán maior, Christian, ocupárase de revivila no momento menos agardado, e desexado, pola concorrência. Isto é: cun discurso que arrinca formal, como os outros, relixiosamente presidido por un golpeo da culleriña contras as copas de cristal... e culmina esnaquizando a enganosa calma entretecida polos presentes. O que dí Christian é que el e Linda, de pequenos, foron violados

reiteradas veces polo homenaxeado.

Ó principio o Dogma pesa sobre *A celebración*. A chegada dos invitados, as conversas relativamente rutineiras, previsibles, que introducen á servidume e ós aristócratas. As cámaras desprolixas, hiperkinéticas, e a iluminación deliberadamente menesterosa aparecen alí coma un mecanismo alleo – por anticipado – ó devir dramático. Pero Christian fala máis cedo que tarde, e a bomba que deixa caer ressignifica as formas da película. Que en adiante avanzará briosa, vigorosamente encabalgada, non en preceptos de Dogma, senón na férrea lóxica que edificou para si. A premisa é forte, porque instala unha pregunta que quedará flotando: ¿dí a verdade Christian? E que o mozo – bastante solemne polo demais – pasou unha tempada no manicomio e dará non poucas mostras de desequilibrio (varias delas compasadas por sutís toques humorísticos). E o homenaxeado chegou ós 60 tan ominoso coma achumbado, co que se complica decidirse por tal o cal. Si algo faltaba, a versión oficial da morte de Linda é velozmente posta en dúbida, incrementando a tensión.

Os cabos iranse atando, claro está, pero sen presas nin pausas. *A celebración* é a un tempo densa, áxil e atraente. Duplica as escenas exquisitamente. Unha e outra vez, os comensais volven á mesa a reiterar mecanicamente os seus rituais (brindes e discursos, incluídos os dun mestre de cerimonia impecable e torturante... chamativamente parecido ó capitán Astiz). Pero en cada nova etapa da cena, signada pola chegada dun prato sempre máis suculento que o anterior, a cerimonia parece dar outro paso tráxico. A violencia explícita non

é moita; a contida non podería ser maior. A sensación de que todo está por estallar, por si acaso, é máis frecuente – e mil veces máis xenuína – que en *The Matrix*. O outrora agradable conglomerado de burgueses será progresivamente redibuxado – da solemnidade á abxección – na medida en que certos vicios, e máis que vicios, salgan á luz. A unidade de lugar e a concentración do tempo suxerirán, á fin, a un puñado de almas presas na súa claustrofobia. Non poden seguir como están, no lugar en que están... ipero estiveron aí durante tanto tempo! O espanto será o fío doutra progresión cabal: antes amalgamos en innumerables pactos de silencio. Agora, xa sobre unha mesa (literalmente incluso), comeza a dividir as augas. E soamente algúns correranse de lugar. A *celebración* volve sobre o punto morto de certa burguesía á deriva – anacrónica, demacrada, cadavérica, e sen embargo en pé – que xa fora examinada polo gran Luis Buñuel (*O anxo exterminador*, 1962). Doutro xeito fala dos mesmos trazos, ataca polas mesmas fronteiras. O ton é igualmente inquietante, orixinal, seductor.

